



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 2 de abril de 2020]

1. CONVENIOS E ACORDOS CON ENTIDADES BANCARIAS

O Colexio de Avogados está xestionando coas entidades bancarias coas que colaboramos a renovación dos convenios subscritos co fin de poder adaptalos á nova situación socioeconómica. En consecuencia, onte mesmo asinou un convenio de colaboración con Abanca (texto completo dispoñible na web do colexio, con acceso dende “Acceso libre” / “Portal de transparencia” / “Convenios” / “Con entidades privadas”) [\[https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/convenios/\]](https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/convenios/)

Nesta mesma liña, agora mesmo estase a negociar a renovación con Caixabank e co Santander (antigo Popular).

Por outra parte, este Colexio tamén subscribiu acordos para ofrecer pólizas de crédito con condicións vantaxosas para os nosos colexiados e colexiadas, que resumimos a seguir:

1. Póliza de crédito LEX DE ABANCA:

Finalidade: cobertura de liquidez como consecuencia de mermas derivadas de descensos temporais de facturación que teñan orixe na pandemia declarada.

Tipo de xuro fixo: 2,75 %

Importe: mínimo 3.000 € e máximo 20.000 €

Prazo: 6 meses

Liquidación: trimestral

Comisións e gastos: apertura 0 %; estudo 0 %; non dispoñibilidade 0 %; saldo maior excedido 4,50 % (mínimo 15)

Prazo de comercialización: ata o 30 de xuño de 2020

[Texto completo da póliza \(PDF\).](#)

2. Póliza de crédito SECTOR LEGAL DE SANTANDER:

Cientes: autónomos e micropemes (persoas xurídicas)

Finalidade: liquidez para paliar a perda de ingresos como consecuencia da redución da súa actividade: (i) pagamento de salarios, alugueiros ou outros gastos fixos; (ii) pagamento a provedores; (iii) pagamento de vencementos de financiamento circulante; (iv) pagamento de impostos; (v) vencementos de obrigas financeiras, incluídas as de hipoteca a vivenda.

Prezo tipo fixo: autónomos 2,5 %; micropemes 1,5 % (persoas xurídicas)

Comisións: apertura exento (estándar 0,5 %, exenta por oficina para profesionais de Xustiza); cancelación 1 %.

Prazo: desde 2 anos ata 5 anos (con carencia de principal de 12 meses obrigatoria)



Amortización: mensuais

Código de produto: 123 subtipo 332 ER 1

[Texto completo da póliza \(PDF\).](#)

3. **Liña de crédito ICO Covid-19 de Caixabank:**

Caixabank facilita o acceso ao crédito alí onde sexa necesario en coordinación cos esquemas de garantías estatais establecidos polas autoridades, para o que se ofrece a liña de ICO Covid-19, recentemente aprobada, que pode ser de interese para os colexiados e colexiadas do ICA Santiago e cuxas características se poden consultar no **[documento \(PDF\)](#)**, suxeitas a variacións de mercado.

Os colexiados e colexiadas interesadas poderán contactar coa súa oficina xestora ou, no caso de non ser clientes, coa súa oficina máis próxima.

4. **Outro tipo de axudas: Igape**

Toda a información en: **<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP393>**

2. INFORMACIÓN DO COLEXIO DE REXISTRADORES SOBRE COMO OBTEN NOTAS DE ÍNDICES PARA MORATORIAS HIPOTECARIAS

Achegámosvos o **[folleto informativo](#)** difundido polo Colexio de Rexistradores sobre a forma de obter notas de índices para moratorias hipotecarias (**[PDF](#)**).

Entre as medidas adoptadas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, está a posibilidade de solicitar ao banco o aprazamento do pagamento do préstamo hipotecario se con el se financiou a adquisición da vivenda habitual. Para ter dereito a iso, o RDL esixe estar en situación de vulnerabilidade económica. A acreditación desa situación debe facerse mediante a achega, entre outra documentación, dunha nota do servizo de índices do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar (art. 11 1.D RDL 8/2020). Esta nota informa das propiedades e outros dereitos inscritos a nome dunha persoa en calquera rexistro de España.

Os rexistradores da propiedade queren facilitar ás familias o cumprimento deste requisito e para iso creouse un sistema rápido, sinxelo e gratuíto que estará vixente mentres dure o estado de alarma e que evitará que as persoas teñan que desprazarse ás oficinas.